

CASO PRÁCTICO 1

A empresa EXPOTRANS é un almacén de distribución. Agrupa os produtos por familias e actualmente dedica a todos os artigos o mesmo espazo e tratamento, é dicir, todos participan na mesma proporción.

O almacén da empresa quere facer unha redistribución das áreas destinadas a almacenaxe e situar as mercadorías segundo a clasificación ABC, tomando como variable o número de expedicións, para reducir os desprazamentos dos operarios. O stock almacenado componse das familias de produtos que aparecen na táboa, cuxo volume de saídas exprésase en miles de palets.

Artigo	Volume de saída	% de participación
A001	13.800	10%
B002	12.500	10%
C003	16.200	10%
D004	915.800	10%
E005	826.500	10%
F006	98.600	10%
G007	239.500	10%
H008	89.800	10%
I009	15.900	10%
J010	9.800	10%

2. No almacén de Ricoter SL. atopamos os seguintes artigos:

100 Televisións - prezo 320 €/unidade
250 Reprodutor DVD - prezo 110 €/unidade
45 Frigoríficos - prezo 424 €/unidade
15 Arcón conxelador - 552 €/unidade
520 Microondas - 58 €/unidade
886 Cafetera - 49 €/unidade

O departamento de loxística fai un control semanal dos frigoríficos e arcóns, mensual das televisións e anual do resto de artigos. Está a actuar de forma correcta a empresa?

Exemplo modelo ABC:

A empresa PEGASO realiza a xestión dun stock composto polos seguintes cinco artigos:

Produto	Unidades	Valor total en €
KWE	50	15 000
KXK	400	1 000
KYI	100	3 000
KZU	30	12 000
KHR	100	6 000

a) Determina as mercancías sobre as que é necesario exercer maior control no almacén segundo o modelo ABC.